



Ana Belén Fernández Dopazo, secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, CERTIFICO:

Que na reunión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra que tivo lugar o día 08/02/2016, deuse conta pola secretaria do Xurado, no punto 6 – 2º da orde do día, da adquisición de diversas parcelas pola CMVMC de Torneiros (Porriño) realizadas con posterioridade a entrada en vigor da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, ao abeiro da resolución de autorización previa da Administración forestal (Exped. PO-06- ADTER/14)

Con data do 25/11/2015, o presidente da CMVMC de Torneiros achega as escrituras de compra de diversos terreos en base á resolución de autorización do expediente PO-06-ADTER/14. Do estudo das escrituras notariais e a planimetría presentada só se poden identificar os seguintes terreos:

1. Jesús Castro Míguez (479 m²)
2. Non se identifica escritura notarial
3. Marcos Fernández Pereira (1.598 m²)
4. Amador bacelo Rodríguez (482 m²)
5. Non autorizado
6. Jesús Castro Míguez (464 m²)
7. Sara Rodríguez Lorenzo (85 m²)
8. Hros de Raquel y Salvador Iglesias (806 m²)
9. Amador Bacelo Rodríguez (280m²)
10. Amador Bacelo Rodríguez (327m²)
11. Amador Bacelo Rodríguez (108m²)
12. Non se identifica escritura notarial
13. Non se identifica escritura notarial
14. Amador Bacelo Rodríguez (148 m²)
15. Hros de Vicente Crespo Ferreiro (445 m²)
16. Non se identifica escritura notarial
17. Plácido Correa Lorenzo (2.151 m²)
18. Amador Bacelo Rodríguez (430 m²)

En consecuencia, vista a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Xurado acordou por unanimidade dos seus membros cualificar como monte veciñal en man común a adquisición das fincas: 1, 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 14, 15, 17 e 18, e realizar as debidas comunicacións ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamentos de inscrición oportunos (art. 57.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

E para que conste aos efectos oportunos expídese a presente certificación en Pontevedra
a seis de abril de dous mil dezaseis.


A secretaria do Xurado de Montes



Ana Belén Fernández Dopazo

Vº e praxe:

O presidente do Xurado de Montes


Miguel Ángel Pérez Dubois



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Xefatura Territorial
Servizo de Montes

Rúa Fernández Ladreda nº43, 2º andar
36071 Pontevedra
Teléfono: 986 80 54 12 Fax: 986 80 54 78

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 03/03/2015 08:05:16

SA/DA 20754 / RX 259098



Comunidade de Montes Veciñais en
Man Común de Torneiros
D. Francisco Javier Soliño Hermida
Barrio de Ribeira - Torneiros s/n
36410 O Porriño

**RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE MEDIO RURAL E MAR EN PONTEVEDRA , DUN
EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE TERREOS FORESTAIS DA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMÚN DE TORNEIROS –O PORRIÑO**

EXPEDIENTE: PO-06-ADTER/14

FEITOS

Primeiro. Con data do 05/09/2014 recíbese solicitude de informe de compra de terreo da CMVMC de Torneiros, no concello de Porriño, de 18 parcelas, o que supón un total de 11.770 m², pero coa intención de aumentar esta superficie hasta 85.800 m².

A compra está motivada polo interese da comunidade de recuperar parte da superficie expropiada a dita comunidade, contribuíndo a un aumento da superficie do monte veciñal “Buraca da Raposa” e a un mellor aproveitamento de seus recursos.

A compra dos terreos aprobouse en Asemblea Xeral do 29/09/2013 coa maioría dos presentes o que supón o 74,90% dos comuneiros.

Segundo. A CMVMC de Torneiro ten a Xunta rectora ao día (data de renovación 11/03/2015). Asemade, con data do 30/05/2014 comunicou ao Rexistro de MVMC o cumprimento do artigo 125.7 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo). O Monte “Buraca da Raposa e Gándara de Torneiros e Cataboi” clasificado a favor da comunidade ten plan técnico de xestión, polo que, cumpre o artigo 77.5 da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

Terceiro. No artigo 125.3 da Lei 7/2012 de montes de Galicia se determinan as cotas de reinvestimento prioritarias para os MVMC, os importes da compra destes terreos non poderán destinarse a cota de reinvestimento no monte en tanto non se cumpra as disposicións contidas neste artigo.

Cuarto. Con data do 28/10/2014 a Sección de Topografía informa que os dezaioito terreos a mercar non ten denominación (sen nome) nin referencia catastral e que non existe unha correspondencia con parcelas catastrais. Tampouco se achegan escrituras de propiedade, polo tanto e imposible cotexar a equivalencia entre escrituras e planos presentados.



Os datos aportados polo solicitante son unha enumeración persoal das parcelas e unha relación de supostos propietarios, que son os seguintes:

1. Jesús Castro Míguez (479 m²)
2. José Bacelo Ramírez (175 m²)
3. Marcos Fernández Pereira (1.598 m²)
4. Amador bacelo Rodríguez (482 m²)
5. Hros de Jesús Fernández Pedrares (259 m²)
6. Jesús Castro Míguez (464 m²)
7. Sara Rodríguez Lorenzo (85 m²)
8. Hros de Raquel y Salvador Iglesias (806 m²)
9. Amador Bacelo Rodríguez (280m²)
10. Amador Bacelo Rodríguez (327m²)
11. Amador Bacelo Rodríguez (108m²)
12. Amador Bacelo Rodríguez (316m²)
13. Carmen Alonso Lorenzo
14. Amador Bacelo Rodríguez (148 m²)
15. Hros de Vicente Crespo Ferreiro (445 m²)
16. Amador Bacelo Rodríguez (2.655 m²)
17. Plácido Correa Lorenzo (2.151 m²)
18. Amador Bacelo Rodríguez (430 m²)

Asemade, informa que non existe afeccións en montes de Utilidade Pública, que o monte denominado "Buraca da Raposa" foi deslindado e amolloado pola CMVMC de Torneiros sen autorización da administración forestal, polo que este deslinde non consta no Rexistro de Montes Veciñais de Pontevedra e que este monte foi o monte de U.P. nº 488 e como público tampouco foi deslindado.

Continua que situados os terreos obxecto de compra sobre o estudo previo da clasificación desta comunidade, obsérvase o seguinte:

- Os terreos nº 1 e 2 están dentro da zoa sombreada
- O terreo nº 3 está no límite da da zoa sombreada
- O terreo nº 4 ao 7 están dentro da zoa sombreada
- O terreo nº 8 ao 13 están no límite da zoa sombreada
- O terreo nº 15 ao 17 están no límite da zoa sombreada
- O terreo nº 18 está fora da zoa sombreada

E que situados estes sobre catastro non existe correspondencia de ningún dos terreos a marcar con parcelas catastrais.





Quinto. Con data 05/12/2014 a comunidade presenta xustificación de propiedade de todas as fincas situadas dentro da zoa sombreada do estudo previo da clasificación exceptuando a nº 5, Hros de Jesús Fernández Pedrares de 259 m².

Sexto.- Con data 24/02/15, o servizo de montes informa de xeito favorable a compra das parcelas solicitadas, exceptuando a parcela nº 5, Hros de Jesús Fernández Pedrares de 259 m², coa limitación establecida no parágrafo terceiro do apartado feitos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. O expediente foi instruído conforme ao disposto nas normas legais aplicables, en particular conforme ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Segundo. Artigo 57.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo) que establece:

"As adquisicións de terras por compra deberán ser motivadas pola comunidade veciñal titular no cumprimento dos seus fins, no interese xeral das persoas comuneiras, na defensa dos seus montes e dos seus accesos, no mellor aproveitamento dos recursos ou na mellora ou ampliación do monte veciñal en man común, e requirirá da autorización previa da Administración forestal, que deberá resolver a solicitude de compra no período máximo de tres meses. As terras adquiridas mediante compra serán cualificadas polos respectivos xurados provinciais de montes veciñais en man común como montes veciñais en man común e non poderán ser obxecto de permuta por un período mínimo de vinte anos. No caso de adquisición por doazón, non será precisa a dita autorización".

Terceiro. Artigo 57.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo) que establece: *"Unha vez consumada a adquisición, comunicase ao xurado provincial de montes veciñais en man común, que integrará a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos modificando o perímetro e a extensión do dito monte, e que o comunicará ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamentos de inscrición oportunos".*

Cuarto. Artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 13/1989 (DOG núm.186, do 23 de setembro).

"Non se manterá relación administrativa por parte da Xunta de Galicia con comunidades veciñais sen previa certificación do encargado do Rexistro Xeral ou das súas seccións relativa á súa



situación estatutaria, lexitimidade de quen ostente a súa representación e demais anotacións das que preceptivamente debe ter coñecemento”.

Quinto. Resolución do 19 de xuño de 2013, da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, de delegación de competencias nos xefes territoriais da Consellería do Medio Rural e do Mar.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO** :

Autorizar a adquisición dos terreos forestais solicitada pola comunidade de montes veciñais en man común de Torneiros (O Porriño), exceptuando a parcela nº 5, Hros de Jesús Fernández Pedrares de 259 m², segundo a descrición gráfica que consta no expediente.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer **RECURSO DE ALZADA** no prazo DUN MES, dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Conselleira do Medio Rural e do Mar ao abeiro dos art. 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido este prazo sen presentarse o devandito recurso, esta resolución adquirirá firmeza en vía administrativa.

O xefe territorial
Miguel Ángel Pérez Dubois
Sinatura dixital

Lémbrolle que unha vez realizada a adquisición do terreo, deberán comunicarllo o respectivo xurado provincial de montes para a súa cualificación como monte veciñal en man común. (art. 57.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia)

Documentación que deberán achegar:

Copia da escritura pública de compravenda

Copia da resolución favorable da xefatura territorial do Medio Rural e Mar





ADQUISICIÓN DE TERREOS
CMVMC DE TORNEIROS
CONCELLO DE O PORRIÑO
PO-06-ADTER/14



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

100m. 0m. 100m.



Maio - 2016

ESCALA : 1:5.000
ETRS-89 FUSO 29




// COMPRAVENTA //

NUMERO TRESCIENTOS CINCUENTA Y SEIS.

En Porriño, mi residencia, a veintinueve de Junio de dos mil quince.

Ante mí, MARGARITA COLUNGA FIDALGO, Notario del Ilustre Colegio de Galicia,



----- COMPARECEN: -----

De una parte:

DON JESUS CASTRO MIGUEZ, mayor de edad, divorciado, trabajador por cuenta ajena, vecino de Porriño, domiciliado en la Parroquia de Torneiros, barrio de Contrasto, número 44, código postal 36410, con DNI número 35.544.050-B, vigente hasta el día 23 de Marzo de 2021.

Y de otra parte:

DON FRANCISCO-JAVIER SOLIÑO HERMIDA, mayor de edad, casado, empleado por cuenta ajena, vecino de Porriño (Pontevedra), domiciliado en la Parroquia de Torneiros, barrio de La Relba, número 79-A, código postal 36410, con DNI número 36.064.007-F, vi-